

### FAQs BONOS IMPULSO

**1. Na solicitude a foto é obrigatoria? Foto ou logo?**

Non é obrigatoria é simplemente a efectos de publicidade do establecemento para que sexa facilmente identificable o establecemento polo usuario do Bono Impulso.

**2. Para xustificalo custo, serve un tícket feito a man?**

Si, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro relativos ao tícket e factura simplificada.

**3. Os pagos nos establecementos pódense realizar en efectivo ou con tarxeta?**

Os pagos poderanse realizar en calquera medio dos permitidos pola lei.

**4. Teño dous establecementos en diferentes municipios. É necesario realizar máis dunha solicitude? E se os establecementos están no mesmo municipio?**

Se teño un único NIF para varios establecementos:

- No caso de pertencer a diferentes municipios farase unha solicitude por municipio.
- No caso de pertencer ao mesmo concello, so será necesaria realizar unha única solicitude. Neste caso, deberase enviar correo electrónico a [bonoimpulso@deputacionlugo.org](mailto:bonoimpulso@deputacionlugo.org) indicando os diferentes nomes comerciais, as direccións e o número de establecementos, a efectos de entregar os carteis identificativos.

Se teño varios NIF, será preciso realizar unha solicitude por cada un deles.

**5. Os negocios que prestan os seu servizos exclusivamente online, poden ser beneficiarios do Bono Impulso?**

Non, o Programa Bono Impulso vai dirixido a fomentar o consumo de establecementos físicos de proximidade, isto non exclúe a aqueles que teñen venda en liña a maiores.

**6. O Bono Impulso da Deputación de Lugo non permite como gastos subvencionables as bebidas alcohólicas non alimentarias, tabaco e loterías, como teñen que facer os establecementos como bares e restaurantes?**

O Bono Impulso permite como gasto subvencionable bebidas alcohólicas alimentarias (viño, cervexa, sidra). Neste sentido o tícket pode incluír conceptos non subvencionables, como outro tipo de bebidas alcohólicas, sempre o cando os conceptos subvencionables sumen polo menos 60€.

Exemplo:

Tícket			
Cantidade	Concepto	Prezo Unidade	Total
8	Caña de Cervexa	1,50 €	12€
4	Menú Comida	12€	48€
4	Copa Alcohol	8€	32€
IVE INCLUÍDO			
Total			92 €

Total do tícket: 92€, gasto subvencionable 60, excluído Copa Alcohol.

**7. Deberase indicar o desglose do IVE no tícket/factura?**

Non será necesario, cando apareza ao final do tícket/factura a lenda “IVE Incluído”.

**8. No caso de que dous ou máis clientes tiveran cada un o seu Bono Impulso e foran a consumir a un mesmo establecemento, como debería realizar o troco do Bono Impulso?**

Cada Bono Impulso deberase utilizar cun tícket/factura individual. Os bonos non son acumulables.

**9. Como se efectuará o pagamento do Bono Impulso por parte da Deputación de Lugo?**

O Bono Impulso utilízase fisicamente no establecemento no momento do pago , úsase por valor desconto de 30€ do importe a pagar.

Posteriormente o establecemento presentará todos os Bonos Impulso que recibira ata o 31.08.2021 (data límite para o consumo) xunto cos seus respectivos tíckets/facturas, a través da Sede Electrónica/Rexistro da Deputación de Lugo, verificados estes polos técnicos realizarase un ingreso na conta indicada polo establecemento.

Actualizado 18 de maio de 2021.